



A sociedade **APARCISA** traslada á Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, como medida extraordinaria e de carácter temporal, co dobre obxectivo de colaborar con todos os profesionais que prestan servizos no CHUAC, e de agradecer o labor do persoal da Área, a posibilidade de que os profesionais que prestan servizos no CHUAC poidan utilizar o seu **aparcadoiro de xeito totalmente gratuito**.

A proposta que se traslada ten as seguintes características:

- Emisión dunha tarxeta que permite o estacionamento coa súa introdución nos lectores de entrada e saída do aparcadoiro.
- Para a emisión da tarxeta, o profesional debe acceder co seu vehículo ao parking de APARCISA, recollendo o correspondente ticket de entrada. En calquera momento posterior á devandita recollida, canxearase o ticket na Oficina de Información situada na saída do aparcadoiro pola tarxeta ofertada, sen ningún custo.
- Para o canxelo do ticket deberá acreditarse a condición de traballador do CHUAC, mediante a presentación da **tarxeta sanitaria chip ou outro documento que acredite tal condición**.
- A tarxeta emitida permitirá o acceso ao estacionamento todos os días da semana.
- Emitiranse todas as tarxetas que sexa necesario, coa única limitación de ocupación de seguridade do aparcadoiro.
- O período de **validez** das tarxetas será desde o **27 de marzo de 2020 ata as 23:59 horas do día 15 de abril**, debéndose aboar as tarifas do aparcadoiro a partir das 00:00 horas do día 16 de abril, polo tempo efectivamente consumido.

A Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee desexa agradecer a medida que a sociedade APARCISA pon en marcha en favor dos seus traballadores na actual situación.

